

## PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO 2018-2020.

- [Informe de Intervención.](#)
- [Resolución da Presidencia.](#)
- [Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.](#)
- [Certificado do acordo plenario.](#)

## INFORME

**Asunto: Plan orzamentario a medio prazo e determinación do gasto non financeiro 2018-2020**

### **Legislación aplicable:**

- Artigo 135 da Constitución española
- Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012 e demais normativa europea sobre estabilidade orzamentaria
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira (LOEP)
- Texto refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo) (TRLHL)
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, Regulamento de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (REPEL)
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (BOE nº 240, de 5 de outubro)
- Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, de desenvolvemento metodolóxico da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española, modificada pola Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro

Igualmente, tivéronse en conta o seguintes documentos:

- Actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2016-2019, elaborado polo Ministerio de Economía
- Informes sobre a actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2016-2019 da Autoridade independente de responsabilidade fiscal do 10 de maio de 2016
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, 1ª edición, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira para Corporacións Locais, 3ª edición, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado en novembro de 2014

- Nota para a remisión de información sobre os Plans presupuestarios a medio prazo 2018-20 de entidades locais da Secretaría de Estado de Facenda do Ministerio de Facenda e función pública

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E METODOLOGICAS

As Corporacións Locais están suxeitas ao establecido na LOEP segundo indica o seu artigo 2.1. Engadindo no seu artigo 4.2 que entenderá por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido nesta Lei e na normativa europea. Na súa actual redacción, o artigo 29 regula o denominado plan orzamentario a medio prazo nos seguintes termos:

*"1. Elaborarase un plan orzamentario a medio prazo que se incluírá no Programa de Estabilidade, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra de gasto.*

*2. O plan orzamentario a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos e conterá, entre outros parámetros:*

*a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.*

*b) As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.*

*c) Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.*

*d) Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.*

*3. As proxeccións adoptadas no plan orzamentario a medio prazo basearanse en previsións macroeconómicas e orzamentarias elaboradas conforme as metodoloxías e procedementos establecidos no proceso orzamentario anual.*

*4. Toda modificación do plan orzamentario a medio prazo ou desviación respecto ao mesmo deberá ser explicada".*

Pola súa banda, o artigo 6 da Orde HAP/2105/2012 establece que antes do quince de marzo de cada ano, dacordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente forneza o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

Para dar cumprimento a estas obrigacións legais elaborouse o plan orzamentario a medio

prazo desta Deputación, do Consorcio provincial de loita contra os incendios e o consolidado de ambos, para os exercicios referidos que se adxunta a este informe. Para a súa elaboración seguiu-se a metodoloxía que a continuación se pasa a describir brevemente.

O cadro 1 do anexo 2 de Metodoloxía do cálculo da sensibilidade cíclica das Administracións Públicas da Orde ECC/2741/2012 define as elasticidades de ingresos e gastos públicos ante variacións da actividade económica. Estes coeficientes de elasticidade son os que figuran na folia de traballo elaborada para determinar o marco orzamentario a medio prazo.

No cadro 3.3.3 da páxina 19 do documento titulado “Actualización do programa de estabilidade do Reino de España. 2016-2019” do Ministerio de Economía faise unha previsión da variación anual en porcentaxe do deflactor do PIB que tivemos en conta para proxectar a variación do gasto de persoal e compra de bens e servizos.

As variacións do Produto Interior Bruto (PIB) nos próximos exercicios, que se aplicaron, conxuntamente coas elasticidades de ingresos e gastos públicos, nas proxeccións futuras dos ingresos provinciais e nos gastos de transferencias correntes, continxencias e adquisición de activos financeiros, son as que constan no cadro 5.1.1 da páxina 69 do documento ministerial. Como devandito documento non contempla o ano 2020 partiuse dunha estimación da citada variación no mesmo porcentaxe que o do exercicio anterior. Tomouse este criterio de cálculo debido a que a principal fonte de ingresos desta Deputación son os ingresos procedentes do Estado en concepto de impostos cedidos e fondo complementario de financiamento e a esta data non se dispón de ningunha previsión sobre a súa contía futura.

Como se pode ver no plan orzamentario non están previstos ingresos polos conceptos de alleamento de investimentos reais, transferencias de capital nin de pasivos financeiros, do mesmo xeito que xa sucedió no Orzamento do anterior exercicio. Isto último significa que non se contemplan novas operacións de endebedamento a longo prazo dentro do período de tempo citado.

Os gastos por operacións financeiras de intereses e amortización do principal da débeda árgo prazo son nulos, xa que están canceladas todas as operacións de endebedamento e non están previstas novas operacións.

O gasto de capital (investimentos e transferencias de capital) cuantificouse a partir das variacións do Produto Interior Bruto (PIB) nos próximos exercicios e da elasticidade do gasto público pero tendo en conta o aforro neto de cada exercicio a que se refire o artigo 53 do TRLHL, xa que como se comentou anteriormente non están previstos ingresos por operacións de capital nin novo endebedamento. Igualmente, sobre os citados conceptos de gasto realizáronse os axustes necesarios para asegurar o equilibrio orzamentario.

A capacidade ou necesidade de financiamento (CNF) calculouse nos termos previstos no artigo 15 do Real Decreto 1463/2007 para determinar se cumprimos coa estabilidade

orzamentaria.

Aplicase no primeiro exercicio do Plan os axustes e correccións que se indican nos documentos citados do Ministerio de Facenda para calcular o que denominamos o gasto non financeiro axustado á estabilidade orzamentaria. Para iso, partiuse dos datos da liquidación estimada do Orzamento en vigor (véxase o anexo correspondente).

O artigo 12 da LOEP define a regra de gasto a partir da variación do gasto computable das Corporacións locais que non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española.

A citada taxa para o período que nos ocupa será o expresado na páxina 5 da nota ministerial citada.

Aplicándose estes límites sobre o gasto non financeiro do exercicio anterior e sen os axustes que a continuación se comentan, obtívose o gasto non financeiro máximo sen axustes.

No exercicio actual, ademais de tomar en consideración o límite referido, introducíronse os axustes e correccións que se indican nos documentos citados do Ministerio de Facenda para calcular o gasto non financeiro axustado segundo a regra de gasto.

Pola súa banda, o artigo 30 da LOEP establece que as Corporacións locais aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos. Para calculalo tomouse o menor que resulta do cumprimento da estabilidade e regra de gasto cos axustes antes comentados.

Naqueles casos en que o límite máximo de gasto non financeiro resultase superior ao obtido por aplicación dos supostos sinalados nos exercicios proxectados, incrementouse o gasto por operacións de capital para axustar ao devandito límite, como se pode comprobar na rúbrica denominada gastos de capital axustados ao límite do gasto non financeiro.

O artigo 165.4 do TRLHL dispón que os orzamentos das entidades locais deberán aprobarse sen déficit inicial. A variación dos gastos de capital antes referida e a adquisición de activos financeiros fan posible obter o equilibrio orzamentario en cada un dos exercicios futuros.

Como resultado de todo o exposto, determinouse o orzamento axustado dos exercicios referidos a partires dos cálculos iniciais e unha vez tomada en consideración os límites que representan o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, endebedamento e regra de gasto.

O artigo 4 do RPEL establece que as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, aprobarán, executarán e liquidarán os seus

orxamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade. É por iso que a citada nota informativa do Ministerio, na súa páxina 3, precisa que o marco orxamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local. Engadindo a continuación que a información estará expresado en termos consolidados conforme a normativa de estabilidade orxamentaria e que os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. A tal fin e de acordo co expresado, consolidáronse os importes desta Deputación cos relativos ao Consorcio provincial contra incendios da Coruña, no que se ten unha participación da metade do mesmo e que figura no Inventario como dependente desta Deputación. No anexo recóllese o detalle dos datos da Deputación, do Consorcio e do consolidado que resulta de agregar ambos.

### LIMITE DO GASTO NON FINANCIERO (CONSOLIDADO)

Como se pode ver no plan orxamentario a medio prazo que se acompaña e que se elaborou seguindo os criterios legais e metodolóxicos antes expresados, tense un gasto non financeiro máximo (GNF) e total que se resume a continuación:

Exercicio	2018	2019	2020
GNF	158.939.877,55	162.595.494,74	166.660.382,11
Gasto total	<b>193.383.206,27</b>	<b>198.641.863,25</b>	<b>204.050.916,86</b>

### OBXECTIVOS DA DÉBEDA PÚBLICA PROVINCIAL

Conforme ao disposto na disposición final trixésima primeira dos PGE'13 e o artigo 53 do TRLHL, o límite de endebedamento das entidades locais vén determinado pola regra de que o capital vivo das operacións de crédito pendentes non poderá ser superior ao 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados.



Como se pode comprobar os obxectivos futuros serán de débeda cero para os próximos exercicios:

Exercicio	2018	2019	2020
Débeda con e. financeiras a final de ano s/previsión inicial	0,00	0,00	0,00
Débeda con e. financeiras a final de ano s/previsión axustada	0,00	0,00	0,00
Amortización anticipada	0,00	0,00	0,00
Débeda total	0,00	0,00	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados	0,00	0,00	0,00



Evidenciándose no cadro anterior que se cumpren satisfactoriamente en todos os anos previstos os obxectivos de nulo endebedamento.

A Coruña, 23 de febreiro de 2017

O Viceinterventor

José Mª Pérez Alvariño

O Interventor xeral

José M. Pardellas Rivera



F.2.1.1 Entidades que integran la Corporación (AA.PP.). Datos Económicos consolidados. Ingresos (en euros).

Estimación Derechos reconocidos netos:

INGRESOS	Año 2017 (en euros)	% tasa variación 2018/2017	Año 2018 (en euros)	% tasa variación 2019/2018	Año 2019 (en euros)	% tasa variación 2020/2019	Año 2020 (en euros)	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Ingresos corrientes</b>	<b>188.071.628,71</b>	<b>2,72%</b>	<b>193.179.385,02</b>	<b>2,72%</b>	<b>198.432.946,48</b>	<b>2,72%</b>	<b>203.836.777,15</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	188.071.628,71	2,72%	193.179.385,02	2,72%	198.432.946,48	2,72%	203.836.777,15	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias								
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados								
Medida 3: Correcta financiación de tasas y precios públicos (detallado más adelante)								
Medida 4: Otras medidas por el lado de los ingresos								
<b>Ingresos de capital</b>	<b>134.400,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	134.400,00	-100,00%	0,00		0,00		0,00	Tendencial
Derivados de modificaciones de políticas (*)								
<b>Ingresos no financieros</b>	<b>188.206.028,71</b>	<b>2,64%</b>	<b>193.179.385,02</b>	<b>2,72%</b>	<b>198.432.946,48</b>	<b>2,72%</b>	<b>203.836.777,15</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	188.206.028,71		193.179.385,02		198.432.946,48		203.836.777,15	Tendencial
Derivados de modificaciones de políticas (*)								
<b>Ingresos financieros</b>	<b>198.850,00</b>	<b>2,50%</b>	<b>203.821,25</b>	<b>2,50%</b>	<b>208.916,78</b>	<b>2,50%</b>	<b>214.139,70</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	198.850,00	2,50%	203.821,25	2,50%	208.916,78	2,50%	214.139,70	Tendencial
Derivados de modificaciones de políticas (*)								
<b>Ingresos totales</b>	<b>188.404.878,71</b>	<b>2,64%</b>	<b>193.383.206,27</b>	<b>2,72%</b>	<b>198.641.863,26</b>	<b>2,72%</b>	<b>204.050.916,85</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	188.404.878,71	2,64%	193.383.206,27	2,72%	198.641.863,26	2,72%	204.050.916,85	Tendencial
Derivados de modificaciones de políticas (*)								Tendencial

(\*) Únicamente cuantificar el impacto cuando exista variación (+ ó -) respecto al año anterior.

A) Detalle de Ingresos corrientes	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos</b>	<b>33.152.914,95</b>	<b>3,64%</b>	<b>34.360.660,24</b>	<b>3,65%</b>	<b>35.616.029,58</b>	<b>3,66%</b>	<b>36.921.015,39</b>	<b>Tendencial</b>
Impuesto sobre Bienes Inmuebles								

Impuesto sobre Actividades Económicas								
Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica								
Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana								
Impuesto sobre Construcciones Instalaciones y Obras								
Cesión de impuestos del Estado								
<b>Ingresos de capítulos 1 y 2 no incluidos anteriormente</b>	33.152.914,95	3,64%	34.360.660,24	3,65%	35.616.029,58	3,66%	36.921.015,39	Tendencial
<b>Capítulo 3. Tasas, precios públicos y otros ingresos.</b>	12.156.630,07	2,52%	12.462.673,23	2,52%	12.776.421,03	2,52%	13.098.067,43	Tendencial
<b>Capítulo 4. Transferencias corrientes.</b>	142.375.838,82	2,52%	145.960.150,56	2,52%	149.634.697,35	2,52%	153.401.750,86	Tendencial
Participación en tributos del Estado	142.375.838,82	2,52%	145.960.150,56	2,52%	149.634.697,35	2,52%	153.401.750,86	Tendencial
Resto de Transferencias corrientes (resto Cap.4)								
<b>Capítulo 5. Ingresos patrimoniales</b>	386.244,87	2,50%	395.900,99	2,50%	405.798,52	2,50%	415.943,48	Tendencial
<b>TOTAL INGRESOS CORRIENTES</b>	<b>188.071.628,71</b>	<b>2,72%</b>	<b>193.179.385,02</b>	<b>2,72%</b>	<b>198.432.946,48</b>	<b>2,72%</b>	<b>203.836.777,15</b>	<b>Tendencial</b>

B) Detalle de ingresos de capital	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	134.400,00		0,00		0,00		0,00	Tendencial
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00		0,00		0,00		0,00	Tendencial
<b>TOTAL INGRESOS DE CAPITAL</b>	<b>134.400,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>	<b>Tendencial</b>

C) Detalle de ingresos financieros	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
Capítulo 8. Ingresos por activos financieros	198.850,00	2,50%	203.821,25	2,50%	208.916,78	2,50%	214.139,70	Tendencial
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financieros	0,00		0,00		0,00		0,00	
<b>TOTAL INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>198.850,00</b>	<b>2,50%</b>	<b>203.821,25</b>	<b>2,50%</b>	<b>208.916,78</b>	<b>2,50%</b>	<b>214.139,70</b>	<b>Tendencial</b>

F.2.1.2 Entidades que integran la Corporación. Datos Económicos consolidados. Gastos (en euros).

Estimación Obligaciones reconocidas netas:

GASTOS	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
	(en euros)	variación	(en euros)	variación	(en euros)	variación	(en euros)	
		2018/2017		2019/2018		2020/2019		
<b>Gastos corrientes</b>	102.076.840,42	0,28%	102.365.583,52	0,40%	102.775.317,47	0,41%	103.198.155,83	Tendencial
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	102.076.840,42	0,28%	102.365.583,52	0,40%	102.775.317,47	0,41%	103.198.155,83	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								
Medida 1: Reducción de costes de personal (reducción de sueldos o efectivos)								
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retributivo de las empresas públicas tomando en consideración aspectos tales como el sector de actividad, el volumen de negocio, la percepción de fondos públicos								
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos mercantiles o de alta dirección, con identificación del límite de las retribuciones básicas y de los criterios para la fijación de las retribuciones variables y complementarias que en cualquier caso se vincularán a aspectos de competitividad y consecución de objetivos que promuevan las buenas prácticas de gestión empresarial								
Medida 4: Reducción del número de consejeros de los Consejos de Administración de las empresas del sector público								
Medida 5: Regulación de las cláusulas indemnizatorias de acuerdo a la reforma laboral en proceso								
Medida 6: Reducción del número de personal de confianza y su adecuación al tamaño de la Entidad local								
Medida 7: Contratos externalizados que considerando su objeto pueden ser prestados por el personal municipal actual								
Medida 8: Disolución de aquellas empresas que presenten pérdidas > 1/3 capital social según artículo 103.2 del TRLVRL, no admitiéndose una ampliación de capital con cargo a la Entidad local								
Medida 9: Realizar estudio de viabilidad y análisis coste/beneficio en todos los contratos de inversión que vaya a realizar la entidad durante la vigencia del plan antes de su adjudicación, siendo dicha viabilidad requisito preceptivo para la celebración del contrato								
Medida 10: Reducción de celebración de contratos menores (se primará el requisito del menor precio de licitación)								
Medida 11: Reducción de cargas administrativas a los ciudadanos y empresas								
Medida 12: Modificación de la organización de la corporación local								
Medida 13: Reducción de la estructura organizativa de la EELL								
Medida 14: Reducción de en la prestación de servicios de tipo no obligatorio								
Medida 15: Otras medidas por el lado de los gastos corrientes								
<b>Gastos de capital</b>	53.379.758,03	5,98%	56.574.294,03	5,74%	59.820.177,27	6,09%	63.462.226,28	Tendencial
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	53.379.758,03	5,98%	56.574.294,03	5,74%	59.820.177,27	6,09%	63.462.226,28	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								
Medida 16: No ejecución de inversión prevista inicialmente								
Medida 17: Otras medidas por el lado de los gastos de capital								
<b>Gastos no financieros</b>	155.456.598,45	2,24%	158.939.877,55	2,30%	162.595.494,74	2,50%	166.660.382,11	Tendencial
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	155.456.598,45	2,24%	158.939.877,55	2,30%	162.595.494,74	2,50%	166.660.382,11	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								
<b>Gastos financieros</b>	22.080.771,00	55,99%	34.443.328,72	4,65%	36.046.368,51	3,73%	37.390.534,75	Tendencial
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	22.080.771,00	55,99%	34.443.328,72	4,65%	36.046.368,51	3,73%	37.390.534,75	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								
<b>Gastos totales</b>	177.537.369,45	8,93%	193.383.206,27	2,72%	198.641.863,25	2,71%	204.050.916,86	Tendencial
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	177.537.369,45	8,93%	193.383.206,27	2,72%	198.641.863,25	2,72%	204.050.916,86	Tendencial
<b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>								

(\*) Únicamente cuantificar el impacto cuando exista variación (+ ó -) respecto al año anterior.

A) Detalle de gastos corrientes	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Capítulo 1. Gastos de personal</b>	36.680.429,34	1,50%	37.230.635,79	1,80%	37.900.787,23	1,80%	38.583.001,40	Tendencial
<b>Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios</b>	28.453.284,82	-0,40%	26.347.471,69	-0,40%	26.242.081,80	-0,40%	26.137.113,47	Tendencial
<b>Capítulo 3. Gastos financieros</b>	30.575,70	0,00%	30.575,70	0,00%	30.575,70	0,00%	30.575,70	Tendencial
<b>Capítulo 4. Transferencias corrientes</b>	38.912.550,55	-0,40%	38.756.900,35	-0,40%	38.601.872,75	-0,40%	38.447.465,26	Tendencial
<b>Capítulo 5: Fondo de Contingencia</b>	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	Tendencial
<b>TOTAL GASTOS CORRIENTES</b>	102.076.840,42	0,28%	102.365.583,52	0,40%	102.775.317,47	0,41%	103.198.155,83	Tendencial

B) Detalle de gastos de capital	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Capítulo 6. Inversiones reales</b>	12.102.030,73	1,19%	12.307.078,41	1,34%	12.422.113,98	1,49%	12.658.103,18	Tendencial
<b>Capítulo 7. Transferencias de capital</b>	41.217.721,30	7,40%	44.267.215,62	6,96%	47.348.063,28	7,30%	50.804.033,10	Tendencial
<b>TOTAL GASTOS CAPITAL</b>	53.379.758,03	5,98%	56.574.294,03	5,74%	59.820.177,27	6,09%	63.462.226,28	Tendencial

C) Detalle de gastos financieros	Año 2017	% tasa	Año 2018	% tasa	Año 2019	% tasa	Año 2020	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Capítulo 8. Activos financieros</b>	22.080.771,00	55,99%	34.443.328,72	4,65%	36.046.368,51	3,73%	37.390.534,75	Tendencial
Aportaciones patrimoniales								
Otros gastos en activos financieros	22.080.771,00	55,99%	34.443.328,72	4,65%	36.046.368,51	3,73%	37.390.534,75	Tendencial
<b>Capítulo 9. Pasivos financieros</b>	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	Tendencial
<b>TOTAL GASTOS FINANCIEROS</b>	22.080.771,00	55,99%	34.443.328,72	4,65%	36.046.368,51	3,73%	37.390.534,75	Tendencial

F.2.1.3 Consolidado de todas las entidades que integran la Corporación (AA.PP.). Saldos y otras magnitudes (en euros).

Saldos y otras magnitudes	Año 2017 (en euros)	% tasa variación 2018/2017	Año 2018 (en euros)	% tasa variación 2019/2018	Año 2019 (en euros)	% tasa variación 2020/2019	Año 2020 (en euros)	Supuestos en los que se basan las proyecciones
<b>Saldo operaciones corrientes</b>	<b>85.994.788,29</b>	<b>5,60%</b>	<b>90.813.801,50</b>	<b>5,33%</b>	<b>95.657.629,00</b>	<b>5,21%</b>	<b>100.638.621,33</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	85.994.788,29	5,60%	90.813.801,50	5,33%	95.657.629,00	5,21%	100.638.621,33	
Derivados de modificaciones de políticas								
<b>Saldo operaciones de capital</b>	<b>-53.245.358,03</b>	<b>6,25%</b>	<b>-56.574.294,03</b>	<b>5,74%</b>	<b>-59.820.177,27</b>	<b>6,09%</b>	<b>-63.462.226,28</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	-53.245.358,03	6,25%	-56.574.294,03	5,74%	-59.820.177,27	6,09%	-63.462.226,28	
Derivados de modificaciones de políticas								
<b>Saldo operaciones no financieras</b>	<b>32.749.430,26</b>	<b>4,55%</b>	<b>34.239.507,46</b>	<b>4,67%</b>	<b>35.837.451,73</b>	<b>3,74%</b>	<b>37.176.395,05</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	32.749.430,26	4,55%	34.239.507,46	4,67%	35.837.451,73	3,74%	37.176.395,05	
Derivados de modificaciones de políticas								
<b>Saldo operaciones financieras</b>	<b>-21.881.921,00</b>	<b>56,47%</b>	<b>-34.239.507,47</b>	<b>4,67%</b>	<b>-35.837.451,73</b>	<b>3,74%</b>	<b>-37.176.395,05</b>	<b>Tendencial</b>
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	-21.881.921,00	56,47%	-34.239.507,47	4,67%	-35.837.451,73	3,74%	-37.176.395,05	
Derivados de modificaciones de políticas								
<b>Saldo operaciones no financieras</b>	<b>32.749.430,26</b>	<b>4,55%</b>	<b>34.239.507,46</b>	<b>4,67%</b>	<b>35.837.451,73</b>	<b>3,74%</b>	<b>37.176.395,05</b>	<b>Tendencial</b>
(+/-) Ajustes para el cálculo de cap. o neces. Financ. SEC95	0,00		0,00		0,00		0,00	
<b>Capacidad o necesidad de financiación</b>	<b>32.749.430,26</b>	<b>4,55%</b>	<b>34.239.507,46</b>	<b>4,67%</b>	<b>35.837.451,73</b>	<b>3,74%</b>	<b>37.176.395,05</b>	<b>Tendencial</b>
<b>Deuda viva a 31/12</b>	<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>	
A corto plazo								
A largo plazo	0,00		0,00		0,00		0,00	
<b>Ratio Deuda viva/Ingresos corrientes</b>	<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>	







DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**PRESIDENCIA****RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO  
PRAZO 2018-2020**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA,**I.- LIMIAR**

As Corporacións Locais están suxeitas ao establecido no artigo 135 da Constitución española e a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira segundo indica o seu artigo 2.1. Engadindo no seu artigo 4.2 que entenderá por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido nesta Lei e na normativa europea. Na súa actual redacción, o artigo 29 regula o denominado plan orzamentario a medio prazo nos seguintes termos:

***“Artigo 29. Plan orzamentario a medio prazo.***

*1. Elaborarase un plan orzamentario a medio prazo que se incluírá no Programa de Estabilidade, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra de gasto.*

*2. O plan orzamentario a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos e conterá, entre outros parámetros:*

*a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.*

*b) As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.*

*c) Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.*

*d) Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.*

*3. As proxeccións adoptadas no plan orzamentario a medio prazo basearanse en previsións macroeconómicas e orzamentarias elaboradas conforme as metodoloxías e procedementos establecidos no proceso orzamentario anual.*

*4. Toda modificación do plan orzamentario a medio prazo ou desviación respecto ao mesmo deberá ser explicada”.*

Pola súa banda, o artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (BOE nº 240, de 5 de outubro) establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente forneza o Estado, remitiranse os

marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

## **II.- PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO**

Para dar cumprimento a estas obrigacións legais elaborouse pola Intervención provincial o escenario ou marco orzamentario desta Deputación (a nivel consolidado co Consorcio Provincial Contra incendios) para os exercicios citados, segundo o informe que consta no expediente. Para a súa elaboración seguiuise a metodoloxía e utilizado as hipóteses que se describen no citado informe ao que se remite para maior detalle.

## **III.- LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO (CONSOLIDADO)**

Como resultado de todo iso, dérivase do escenario ou marco orzamentario un gasto non financeiro máximo (GNF) e total para os citados exercicios orzamentarios polos importes que a continuación se indican:

<b>Exercicio</b>	<b>2018</b>	<b>2018</b>	<b>2020</b>
GNF	158.939.877,55	162.595.494,74	166.660.382,11
Gasto total	<b>193.383.206,27</b>	<b>198.641.863,25</b>	<b>204.050.916,86</b>

## **IV.- OBXECTIVOS DA DÉBEDA PÚBLICA PROVINCIAL**

Conforme ao disposto na disposición final trixésima primeira dos Orzamentos Xerais do Estado de 2013 (Lei 17/2012, de 27 de decembro) e o artigo 53 do Texto refundido da Lei de Facendas locais (aprobado Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), o límite de endebedamento das entidades locais vén determinado pola regra de que o capital vivo das operacións de crédito pendentes non poderá ser superior ao 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados.

Como se pode comprobar no plan orzamentario a medio prazo, está previsto que nos próximos exercicios non leven a cabo operacións de endebedamento con entidades financeiras.

Evidenciándose no cadro anterior que se cumpren satisfactoriamente en todos os anos previstos os obxectivos de nulo endebedamento.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

## PRESIDENCIA

Exercicio	2018	2019	2020
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión inicial.	0,00	0,00	0,00
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión axustada.	0,00	0,00	0,00
Amortización anticipada	0,00	0,00	0,00
Débeda total	0,00	0,00	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados.	0%	0%	0%

## RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar o límite do gasto non financeiro e total dos exercicios indicados:

Exercicio	2018	2019	2020
GNF	158.939.877,55	162.595.494,74	166.660.382,11
Gasto total	<b>193.383.206,27</b>	<b>198.641.863,25</b>	<b>204.050.916,86</b>

**SEGUNDO:** Aprobar os obxectivos da débeda pública provincial expresados:

Exercicio	2018	2019	2020
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión inicial.	0,00	0,00	0,00
Débeda con entidades financeiras a 31 de decembro sobre/previsión axustada.	0,00	0,00	0,00
Amortización anticipada	0,00	0,00	0,00
Débeda total	0,00	0,00	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados.	0%	0%	0%



**TERCEIRO:** Revisar o escenario orzamentario e financeiro a medio prazo, os límites de gasto non financeiro e total, e os obxectivos de débeda pública provincial unha vez téñase coñecemento das previsións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre os ingresos procedentes do Estado en concepto de impostos cedidos e fondo complementario de financiamento para o exercicio actual ou se actualice novamente o programa de estabilidade do Reino de España para o período referido, elaborado polo Ministerio de Economía.

**CUARTO:** Dar conta desta Resolución ao Pleno provincial na vindeira sesión que celebre.

**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR**

**Reunión do** 23 de marzo de 2017

**Preside:** ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

**Deputados/as**

**Asistentes:** BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JUAN VICENTE PENABAD MURAS, MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XOSÉ REGUEIRA VARELA (en substitución de Xesús Manuel Soto Vivero), MANUEL RIVAS CARIDAD, JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ (en substitución de Susana García Gómez), JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de Mariel Padín Fernández), EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA, LUIS RUBIDO RAMONDE e MARÍA ROCIO FRAGA SÁENZ (en substitución de Claudia Delso Carreira).

**Escusados:** ÁNGEL GARCÍA SEOANE e MANUEL DIOS DIZ.

**Presentes:** JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), ENRIQUE CALVETE PÉREZ (Tesoureiro) e MARIA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior).

**Secretaria:** MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2018-2020**

Esta comisión, logo de ver a Resolución da presidencia número 7.599, do 10 de marzo de 2017, adopta por asentimento o seguinte acordo:

Toma coñecemento do contido dos Plans Orzamentarios a medio prazo 2018-2020, de aprobación polo Presidente.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria

M<sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Pleno

Tomado coñecemento en sesión

ordinaria

celebrada o día 31 de marzo de 2017

O Secretario,



**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o trinta e un de marzo de dous mil dezasete tomou coñecemento do seguinte:

**“38.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBAN  
OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2018-2020.**

O Pleno toma coñecemento do contido dos Plans orzamentarios a medio prazo 2018-2020, de aprobación polo presidente.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a catro de abril de dous mil dezasete.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE

